

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE VISITA ESTA SEMANA AS INSTALACIÓNS DA CIFP UNIVERSIDADE LABORAL EN CULLEREDO

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desenvolve hoxe, luns 27 de outubro, e mañá, martes 28, unha campaña de doazón nas instalacións do CIFP Universidade Laboral de Culleredo. Co obxectivo de facilitar a participación de todos os membros da comunidade educativa, unha unidade móbil da ADOS estará estacionada diante da entrada do edificio principal das 09.30 ás 14:30 horas.

A ADOS ten visitado as instalacións do CIFP Universidade Laboral en máis de 60 ocasións desde o ano 1994, acadando, no transcurso destas campañas, un total de 3.561 doazóns de sangue. Neste sentido, desde a Axencia agradecer á dirección do CIFP Universidade Laboral a súa constante colaboración e compromiso co labor de recollida de doazóns de sangue, recoñecemento que quere facer extensivo a todas as persoas que doan sangue.